Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 10 | O papel do Estado | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos. | Aalizar as consecuencias dos fallos do mercado e as solucións desde diferentes visións | PE | 100 |
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Expor solucións aos fallos do mercado | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento. | Coñecer os fallos do mercado | | |
| CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións. | Reflexionar acerca das solucións aos diferentes fallos do mercado | | |
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Comprender os efectos e a xustificación da intervención do Estado na economía | | |
| CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais. | Coñecer as políticas macroeconómicas | | |
| CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos. | Analizar o estado do benestar no caso español | | |
| CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social. | Comprender o aporte dos axentes económicos ao estado do benestar | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 11 | As contas do Estado | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Resolver exercicios acerca das contas do Estado | PE | 100 |
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Comprender o funcionamento dos presupostos xerais do Estado | | |
| CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade. | Comprender a financiación do estado do benestar español | | |
| CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Expor solucións á diversas problemáticas económicas como a redistribución da renda e a xestión da débeda pública | | |
| CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos. | Analizar a sustentabilidade do sistema español de pensións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------------|-----------------|
| 12 | Desequilibrios da economía mundial | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Coñecer as consecuencias do crecemento e o seu efecto sobre o A.E. | PE | 100 |
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Comprender os conceptos de economía ecolóxica e pegada ecolóxica | | |
| CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Comprender o fenómeno da emigración con énfase da perspectiva económica | | |
| CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Propor iniciativas en relación ao fluxos migratorios e medioambiente | | |
| CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Comprender o concepto de desenvolvemento sostible | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 13 | O comercio internacional | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Resolver casos de comercio internacional | PE | 100 |
| CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Comprender as características do libre comercio e do proteccionismo | | |
| CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Comprender os aspectos fundamentais do comercio intenacional | | |
| CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía | Resolver exercicios de mercado de divisas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 14 | Unión Europea e globalización | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Analizar o caso da incorporación de España a U.E. | PE | 100 |
| CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Comprender os procesos de integración económica con especial énfase no caso da U.E. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e a globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades. | Comprender o fenómeno da globalización | | |
| CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Propor iniciativas dentro do ámbito da nova economía | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principais métodos didácticos a empregar son:

- Expositivo: á hora da introdución de contidos con forte carácter teórico.
- Demostrativo: no momento de ensinar a resolver exercicios prácticos.
- Descubrimento: moitas actividades son utilizadas como vehículo de presentación de novos contidos.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a presente programación son:

- Activa: o alumnado é o protagonista no proceso de ensino aprendizaxe. As actividades buscan o aprendizaxe significativo propondo que o alumnado aprenda facendo.
- Persoal: prevese un alumnado con certo grao de heteroxeneidade tanto en coñecementos, ritmos e estilos de aprendizaxe; polo que as actividades de avaliación inicial, a observación e o progreso do alumnado serán indicadores par aplicar medidas persoais en canto a material de apoio e actividades.
- Autónoma: a programación fomenta o traballo e o aprendizaxe autónomo do alumnado mediante o desenvolvemento de actividades no tempo de clase, na que os alumnos han de xestionar o tempo, tomar decisións, repartir tarefas, comunicar conclusións e redactar informes.
- Real: a materia posúe contidos teóricos e prácticos que son ilustrados con exemplos da realidade máis próxima. Por esta razón moitas das actividades están baseadas en supostos reais, como por exemplo a situación económica

autonómica, nacional e internacional actual, coa intención de deixar patente o carácter útil e práctico dos contidos da materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-------------------------|
| Libro de texto |
| Manuais complementarios |
| Internet |
| Aula de informática |

Anxo Penalonga Sweers: Economía 1º Bachillerato, Mc-Graw-Hill 2022.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Poderase realizar unha proba de avaliación inicial que terá por obxecto exclusivo recoller información sobre o alumnado, e centrarse nos conceptos previos cos que parte e sobre todo nas competencias clave coas que vai a desenvolver a materia. A proba pode ser escrita ou en forma de debate.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 6 | 7 | 7 | 7 | 7 | 8 | 9 | 8 | 8 | 6 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | Total |
|---------------------------|----------|----------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 7 | 6 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Avaliación ordinaria

A nota por avaliación calcúlase:

- 90% probas escritas

As probas escritas terán preguntas teóricas e máis prácticas acerca dos contidos traballados nas diferentes UD. Terase en conta que o contido das respostas sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Non puntuarán aquelas preguntas que leven disparates, aínda que o resto da pregunta estea ben contestada.

- 10% actividades e traballos

Exercicios, actividades e máis traballos que serán feitos no tempo de clase e máis como traballo na casa e se deberán entregar en forma e tempo cando estime o profesor. As actividades poderán ser cualificadas como non entregada, mal, regular ou ben, afectando directamente á puntuación.

Para superala avaliación:

Deberase obter unha cualificación dun 5 como suma da puntuación das probas escritas (facendo a media aritmética das notas, un 90%) e das actividades (10%).

Por avaliación realizaranse un mínimo dunha proba escrita.

A nota trimestral redondéase a partir do 0,5 (sempre e cando a nota sexa superior ao 5) afectando en exclusividade ao rexistro da nota no boletín, pero gárdase a nota con 2 decimais para o cálculo da nota final.

A nota final da materia é o resultado da media aritmética das 3 avaliacións. Terase en conta a nota trimestral con dous decimais, e redondearase (sempre e cando estea aprobado) ao enteiro superior a partir do 0,5.

Calquera intento de fraude, engano, ou indicios evidentes á hora de facer un exame (uso de chuletas ou reloxo electrónico, por exemplo) con leva á nulidade do mesmo, procedendo ao suspenso da avaliación.

A entrega de actividades copiadas de internet ou doutro alumno supón a nulidade desa actividade (para ambos).

Avaliación extraordinaria

Aqueles alumnos/as que non superen a materia durante a avaliación ordinaria, realizarán unha proba extraordinaria na que deberán examinarse de tódolos temas impartidos no curso. Á estrutura da proba será similar ás feitas durante o curso. O alumnado debe superar o exame para aprobar a materia.

A materia considerase superada cando a nota da proba supere o 5. A nota máxima que se pode alcanzar é un 7. Non se redondea.

Criterios de recuperación:

Os alumnos/as que non superen algunha avaliación (nota inferior a 5) farán unha proba de recuperación na que deberán examinarse dos contidos de dita avaliación. A proba pode conter contidos teóricos e prácticos da avaliación ou avaliacións a recuperar.

Se o alumno suspende unha avaliación, deberá facer a proba de recuperación da avaliación, abarcando o contidos das UD da avaliación suspensa.

As probas de recuperación faranse ao comezo da seguinte avaliación e antes do remate da 3ª avaliación.

A avaliación considerase recuperada cando a nota da proba supere o 5. A nota máxima que se pode alcanzar é un 7. Non se redondea.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia dividirase en dous parciais. No primeiro parcial, a realizar no mes de decembro, examínanse dos Temas 1 ao 7. No segundo parcial que se realizará nas datas indicadas pola Xefatura de Estudos inclúiranse dos Temas 8 ao 14.

Pode aprobarse a materia por parciais se se dan as seguintes circunstancias:

- Nota mínima de 3 puntos en cada parcial para poder facer media.
- Obtendo unha cualificación non inferior a 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Os exames puntuaranse cunha nota numérica sobre dez.

No caso de que o/a alumno/a non aprobara os exames parciais e polo tanto non acadara os requisitos mínimos necesarios, realizará un exame final dos parciais non aprobados no mes de Abril. A estrutura será idéntica ás probas realizadas durante o curso.

A cualificación mínima para aprobar a materia é de 5 puntos e significará a superación da materia.

6. Medidas de atención á diversidade

- Estreita colaboración co departamento de orientación e seguir as pautas que se aconsellen.
- Medidas ordinarias: de carácter non significativo, polo que non modificarán obxectivos, contidos, criterios de avaliación nin os estándares de aprendizaxe. Son aquelas que modifican e adaptan as actividades, a metodoloxía ou inclusive os instrumentos de avaliación ao alumno.
- Medidas extraordinarias: sempre e cando aplicación das medidas ordinarias non sexa efectiva, levarase a cabo (en consenso e colaboración das xefaturas e os departamentos de Economía e orientación) adaptación curriculares, que permiten a modificación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital | | | | | | | X | X |
| ET.4 - Igualdade | | | | | | X | | |
| ET.5 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Desenvolvemento sostible | | | | | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---------------------------------|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital | X | | X | | X | |
| ET.4 - Igualdade | | | X | | | X |
| ET.5 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Desenvolvemento sostible | | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|--|----------|----------|----------|
| Película | Visualización extractos película "The inside job". | | | |
| Videos | Visualización de diversos videos que complementan as explicacións. | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Impartir polo menos o 85% da programación didáctica |
| Mostrar os contidos de forma diversa atendendo ás diferentes formas de aprender |
| Reforzar as actividades e o aprendizaxe |
| Informar ao alumnado do seu avance individual |
| Distribución do tempo axeitada para as diferentes actividades |
| Garantir un bo clima na aula |
| Atención á diversidade |
| Comunicación coas familias |

Descrición:

Os diferentes indicadores serán comprobados con frecuencia e serán usados para a mellora da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica será seguida e avaliada mensualmente durante as reunións do Departamento de Economía. As propostas de mellora serán escoitadas, debatidas, recollidas en acta e máis incorporadas, se así se estima.

9. Outros apartados